


Guía de prevención de riscos laborais



Enlaces rápidos

- [Accidente que facer](#)
- [Fremap centros asistenciais](#)

Cales son os dereitos e deberes do persoal traballador?

Todos as traballadores e traballadoras teñen dereito a:

- Unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde laboral.
- Recibir información sobre os riscos existentes.
- Participar en todas as cuestións que afecten a seguridade e saúde no traballo, a través de quen os represente legalmente, e a ser consultados/as.
- Recibir formación específica en materia de seguridade e saúde no traballo.
- Avixilancia específica e periódica do seu estado de saúde.
- Dispor de equipos de traballo adecuados ás tarefas que deben realizar.
- Que lles faciliten os equipos de protección individual necesarios para desempeñar as súas funcións.

As traballadoras e traballadores deben:

- Velar pola súa propia seguridade e a das persoas traballadoras que poidan verse afectadas polo seu traballo.
- Usar adecuadamente as máquinas, ferramentas, equipos etc.
- Utilizar e conservar correctamente os equipos de protección individual que a Universidade lles faciliten.
- Non pór fóra de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes nos medios de traballo.
- Informar das situacións de risco para a seguridade e saúde do persoal traballador.
- Contribuír ao cumprimento das obrigacións establecidas pola autoridade competente.
- Cooperar coa Universidade para que esta poida garantir unhas condicións de traballo seguras que non entrañen riscos para a saúde das persoas traballadoras.

Cal é a modalidade preventiva na Universidade de Vigo?

A Universidade de Vigo xestiona a prevención de riscos mediante a modalidade organizativa do servizo de prevención propio e servizo de prevención alleo.

O servizo de prevención propio asesora a Universidade, o persoal traballador, ou quen o represente e o Comité de Seguridade e Saúde. Este servizo desenvolve as especialidades de ergonomía e psicopsicología aplicada e seguridade no traballo.

O servizo de prevención alleo, que a Universidade de Vigo ten concertado coa sociedade de prevención CUALTIS, completa a actividade preventiva desenvolvendo as especialidades de hixiene industrial e medicina do traballo

Como pode contactar co Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)?

Edificio Filomena Dato (planta baixa)

Campus Universitario Lagoas-Marcosende

36310 Vigo España

Área Técnica: 986 813 605 / 986 813 427 sprl@uvigo.gal / sprlformacionesaude@uvigo.gal

Administración: 986 814 088 sprl.administracion@uvigo.gal

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/prevencion-riesgos>

Cales son as actividades máis características do Servizo de Prevención?

- Avaliación de riscos laborais dos postos de traballo e dos centros.
- Elaboración de informes:
 - De acondicionamento de espazos
 - De condicións ergonómicas e confort ambiental
 - De condicións de seguridade
 - De condicións hixiénicas
 - De aptitude laboral
- Elaboración de procedementos, guías, normas, fichas de seguridade etc.
- Realización de inspeccións de seguridade.
- Elaboración de proxectos de sinalización dos edificios.
- Realización de plans de autoprotección.
- Selección de equipos de protección.
- Asesoramento en materia de prevención de riscos laborais.
- Dotación e reposición de caixas de urxencia.
- Investigación de accidentes de traballo.
- Coordinación de actividades empresariais.
- Formación en materia de prevención de riscos laborais:
 - Cursos impartidos polo servizo de prevención alleo.
 - Cursos organizados polo servizo de prevención propio.
- Vixilancia e control da saúde do persoal traballador:

Observación das condicións de traballo e saúde dos traballadores e traballadoras por medio da recollida e análise de datos sobre os factores de risco e saúde.

Recoñecementos médicos:

Inicial: logo da incorporación ao traballo ou despois da asignación de tarefas específicas con novos riscos para a saúde.

Periódico: en función do requirido segundo os riscos aos que estea exposta a persoa traballadora.

Logo dunha *ausencia prolongada* por motivos de saúde: co único obxectivo de identificar calquera relación entre as causas da enfermidade e os riscos existentes no traballo.

Previos: porque así o esixan normas específicas.

Onde facer o recoñecemento médico?

Previa cita xestionada a través del SPRL

Campus de Ourense

CUALTIS

Rúa Nova, 9-11 (C.P. 32004 Ourense)

Campus de Pontevedra

CUALTIS

Paseo de Colón, 7 (C.P. 36002 Pontevedra)

Campus de Vigo

CUALTIS

Rúa Padre Seixas, 34 baixo (C.P. 36209 Vigo)

ENFERMERÍA do Campus Lagoas-Marcosende

Edificio Filomena Dato (planta baixa)

Como solicitar unha caixa de urxencias ou a reposición do seu contido?

Enviando ao SPRL cuberto o formulario que encontrará nos seguintes enlaces.

Para unha nova caixa:

[DRPRL-09-03 Solicitud de caixas de primeiros auxilios](#)

Parar reposición do contido:

[DRPRL-09-04 Solicitud de reposición do contido de caixa de primeiros auxilios](#)

Que facer en caso de accidente de traballo?

No caso de urxencia se o accidente é grave acuda ao centro sanitario máis próximo. En canto sexa posible comuníquelle a situación ao Servizo de Prevención da Universidade.

No resto dos casos:

O persoal traballador acollido ao réxime xeral da Seguridade Social deberá acudir ao centro asistencial máis próximo da mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais [Fremap](#), provistos do DNI e do volante de solicitude de asistencia cuberto, dispoñible nas conserxarías dos centros e premendo no [enlace](#):

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/administracion/sprl/info/fremap_solicitud_asistencia_sanitaria_es.pdf

En tódolos casos de accidente de traballo, este se debe notificar ao SPRL mediante o envío do formulario de notificación interna de accidente que se atopa no seguinte enlace:

[DRPRL-07-01 Notificación interna de incidente](#)

Servizos asistenciais da mutua Fremap.

Non é competencia de Fremap prestar asistencia médica ao persoal de MUFACE(**).

Fremap asistencia 24 horas 900 610 061 Fora de España: +34 91 919 61 61

Ourense

Avenida da Habana, 6-8
De luns a venres de 8:00 a 20:00 horas
Tel. 988 370 773 / 988 370 775

Pontevedra

San Pedro de Alcántara, 7
De luns a venres de 8:00 a 20:00 horas
Tél. 986 855 111

Vigo

Rúa Pizarro nº 16
De luns a xoves de 8:00 a 20:00 horas
Venres de 8:00 a 15:00 horas
Tél. 986 430 788

Centro Hospitalario
Poeta Feliciano Rolán, s/n, Miradoiro do Castro
Servicio permanente 24 horas
Tel. 986 413 033 / 986 413 299 / 986 413 499

(**) O persoal de MUFACE deberá acudir ao centro hospitalario que lle corresponda en función da súa pertenza ao INSS o á entidade médica libre da súa elección.

Que facer para solicitar unha adaptación ou cambio de posto por razóns de protección da saúde?

Debe comunicalo ao SPRL mediante a solicitude que atopará neste enlace:
[DRPRL-18-01 Solicitude xeral de adaptación ou cambio de posto por razóns de protección da saúde](#)

Que facer se está embarazada?

Debe comunicalo ao SPRL mediante o formulario de comunicación de embarazo [DRPRL-21-01](#)
[DRPRL-21-01 Comunicación de situación de embarazo ou período de lactación natural](#)

[IPRL-21-01 Información xeral sobre comunicación de situación de embarazo ou período de lactación natural](#)

Riscos xerais máis comúns na nosa universidade e a súa prevención.

Caída de persoas

Este risco pode manifestarse cando se utilizan medios inadecuados ou deficientes para chegar a zonas elevadas ou tamén debido á existencia de chans en mal estado, esvaradíos, iluminación deficiente, obstáculos en zonas de paso etc.

Medidas preventivas :

- Manter as zonas de paso en bo estado, libres de obstáculos e ben iluminadas.
- Evitar utilizar dispositivos como caixas, cadeiras etc. para alcanzar zonas elevadas.
- Nos desprazamentos prestar atención, evitar distraccións como ler documentos, realizar chamadas etc.
- Polas escaleiras non correr e utilizar os pasamáns.

Accidente in itinere

Accidentes ocorridos durante o desprazamento desde o domicilio ao centro de traballo ou desde este ao domicilio.

Medidas preventivas :

- Respetar as normas de circulación.
- Ao conducir non tomar bebidas alcohólicas ou medicamentos que poidan influír no grao de atención e non utilizar o teléfono móbil.
- Realizar un adecuado mantemento do automóbil para evitar fallos que poidan dar lugar a este tipo de accidentes.

Contacto eléctrico

Este risco pode deberse ao mal estado das instalacións eléctricas do lugar de traballo, pero tamén ao uso inadecuado dos equipos de traballo ou dos seus elementos.

Medidas preventivas:

- Manter os cadros eléctricos pechados.
- Comprobar periodicamente o bo estado dos cables dos equipos eléctricos (ordenadores etc.).
- Desconectar os equipos da corrente eléctrica antes de realizar calquera manipulación.
- Non manipular equipos eléctricos húmidos ou coas mans húmidas.
- Non utilizar cables deteriorados ou caixas de enchufes rotas.
- Non utilizar multiconectores para non sobrecargar a instalación eléctrica.
- Non desconectar tirando do cable.

Incendio

O risco de incendio está presente en calquera tipo de actividade. As causas que poden provocalo son moi diversas, pero as máis comúns son as debidas a instalacións eléctricas en mal estado ou sobrecargadas e á existencia de focos de calor próximos a materiais facilmente combustibles.

Medidas preventivas:

- Non utilizar enchufes intermedios ou alongadores sen toma de terra. Asegurarse de non sobrecargar a instalación.
- Impedir o contacto do material combustible (afastándoos) con focos de ignición (térmicos, eléctricos, químicos etc.).
- Evitar a acumulación de caixas, papeis etc.
- Manter a orde e a limpeza.
- Ter en conta que os medios para situacións de emerxencia (xa sexan vías de evacuación, extintores, bocas de incendio equipadas, botóns de alarma etc.) non poden estar obstaculizados, tapados, inutilizados etc.

Outros

Pantalla de visualización de datos, PVD.

Químicos, biolóxicos, físicos etc.

Normativa

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

R D. 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

Ligazóns de interese.

Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo

<http://www.insht.eres/>

Rede Española de Seguridade e Saúde no Traballo

<https://www.insst.es/relaciones-institucionales/ambito-europeo/red-espanola-para-la-seguridad-y-salud-en-el-trabajo>

Plan de prevención Universidade de Vigo

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-06/plan_prl_gl.pdf

